

II CONCURSO DE FRASES POLA IGUALDADE E CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Concellería Igualdade do Concello do Grove

PRIMEIRA

Poderá concursar o alumnado de bacharelato e 2º ciclo da ESO matriculado nos institutos do Grove.

As alumnas e os alumnos interesados poderán participar cunha frase —orixinal, inédita e da súa autoría— que non fose premiada en ningún outro concurso.

SEGUNDA

Cumprindo co deber da Administración de protexer e promover a lingua propia de Galicia, nomeadamente entre as xeracións máis novas, as frases redactaranse en lingua galega.

Cada concursante poderá presentar un máximo dunha frase.

TERCEIRA

O tema da frase é a igualdade entre homes e mulleres e a repulsa da violencia de xénero.

CUARTA

Escribiranse en ordenador, con letra Arial nunha folla tamaño DIN A4 e sen asinar ou con pseudónimo dentro dun sobre. Ademais, anexarase unha plica en cuxo exterior constará unicamente o nome, apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico do autor ou autora, así como o nome do centro educativo.

QUINTA

Os traballos entregaranse no propio centro escolar, e o persoal municipal designado pasará a recollelos o 28 de novembro de 2014 ás 13.30 h.

SEXTA

Premios: haberá un premio en cada categoría de 100 euros en cheques-regalo e dun lote de libros.

SÉTIMA

As autoras ou os autores das frases gañadoras cederanlle os dereitos de propiedade intelectual e industrial ao Concello do Grove, que se reserva o dereito de calquera forma de publicación ou edición das frases premiadas, que quedarán en propiedade da institución convocante, sen que os seus autores ou autoras teñan dereito a máis recompensa que as cantidades fixadas nestas bases.

OITAVA

As frases gañadoras publicaranse na web do Concello do Grove e no Facebook do CIM. As frases que non resulten premiadas devolveránselles aos autores ou autoras que así o reclamen nun prazo non maior aos trinta días posteriores ao ditame do xurado. Transcorrido tal período sen seren reclamadas, serán destruídas.

NOVENA

Os asuntos non especificados nesta convocatoria serán resoltos por quen organiza.

O prazo para a presentación de orixinais finaliza o día 28 de novembro de 2014 ás 12:00 h. O ditame do xurado farase público na tarde do 28 de novembro e a entrega de premios terá lugar o día 29 de novembro de 2014, na clausura do III Simposio de Igualdade do Concello do Grove.

DÉCIMA

O xurado, cuxas decisións serán inapelables, será dado a coñecer co ditame do premio.

DERRADEIRA

A participación no concurso leva implícita a aceptación expresa de todas as condicións destas bases, incluídas a edición e a publicación, así como as decisións e o ditame do xurado, e todo iso sen necesidade de novos requisitos.

O Grove, novembro de 2014